

Cantigas de amor

Exercicios:

1. Analiza os núcleos temáticos.
2. Indica se son cantigas de refrán ou mestría.
3. Repara na rima.
4. Sinala os mecanismos formais presentes nas composicións.

Cantiga 1

A mia señor, que por mal destes meus
ollos eu vi, fuille gran ben querer;
e o mellor que dela puido haver,
des que a vi, diréivolo, par Deus:
dissome hoje ca me quería ben,
pera que nunca me faria ben ¹.

E por esto que me disso cuidou
mim a guarir², que já moiro³; mais non
perdi por en coita do corazón,
pero ben foi mais do que me matou⁴:
dissome hoje ca me quería ben,
pera que nunca me faria ben.

E por aquesto cuida que seu prez⁵
tod'há perdudo - e vedes qual señor
me faz amar muito Deus e Amor.
E o mellor que m'ela nunca fez⁶:
dissome hoje ca me quería ben,
pera que nunca me faria ben.

E entend'eu ca me quer atal⁷ ben
em que nom perde, nem gaañ'eu, rem⁸.

Pai Gómez Chariño

¹ **faría ben**: amaría

² **cuidou/min a guarir**: pensou que me salvaba.

³ **moiro**: morro

⁴ **versos 9-10**: pero non deixei de sufrir por iso, senón que máis ben me matou.

⁵ **prez**: boa fama, honra, valor.

⁶ **fez**: fixo.

⁷ **atal**: variante de tal

⁸ **ren**: ningunha cousa

Cantiga 2

Señor fremosa, vejo-vos queixar
porque vos amo, e no meu corazón
hei mui gran pesar, se Deus mi perdon,
porque vej'end'a vós haver pesar,
e quería eu de grado quitar¹,
mais non posso forçar o corazón

que mi forçou meu saber e meu sén²;
des i³ meteume no vosso poder,
e do pesar que vos eu vej'haver,
par Deus, señor, a min pesa muit'en;
e partir-m'ia de vós querer ben
mais tolle-m'end'o corazón poder⁴

que me forçou de tal guisa⁵, señor,
que sen nem força, non hei já de mi;
e do pesar que vós tomades i,
tom'eu pesar que non posso maior⁶,
e queria non vos haver amor,
mais o corçón pode máis ca mí

Don Denís

¹**versos 4-5:** porque vexo que iso vos apena e querería deixar de facelo

² **sén:** xuízo

³**des i:** desde entón

⁴**versos 11-12:** e ía evitar querervos, pero o corazón non mo permite

⁵**de tal guisa:** de tal xeito

⁶**versos 15-16:** e polo pesar que a vós vos causa iso, apesárome aínda máis eu